

TRASTORNOS CONDUCTA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.



equipos orientación específicos



1. PRESENTACIÓN

No Título II “Equidade na Educación” da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), e no Capítulo I “Alumnado con necesidade específica de apoio educativo”, sinalase como alumnado con necesidades educativas especiais aquel que require, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta (Artigo 73 da LOE).

No espazos escolares atopámonos cunha grande variedade e diversidade de alumnado que presenta situacións persoais, sociais e familiares que inciden no seu desenvolvemento persoal, social e escolar e que o condicionan. Os alumnos e alumnas con trastornos graves de conduta presentan dificultades significativas para conxugar os diferentes ámbitos da súa vida, o que os conduce a situacións de inestabilidade emocional e provoca na meirande parte das ocasións fracaso escolar. Ademais, na convivencia diaria nos centros educativos xorden situacións de conflitividade, tanto nas relacións verticais como horizontais, que requiren de intervencións específicas e asesoramento técnico co obxectivo de darlles unha resposta axeitada.

Consideramos que a mellor intervención sobre os problemas de conduta é a prevención. A prevención e intervención nos centros educativos neste ámbito debe facerse desde unha perspectiva global, buscando unha escola inclusiva que vexa a diversidade como unha fonte de enriquecemento e superando as barreiras mentais simplificadoras. Desde esta perspectiva, os conflitos son unha oportunidade para que as organizacións educativas aprendan a construír novos modelos mentais, adaptando o currículo, as estruturas e os recursos ás necesidades do alumnado.

No curso escolar 2007/2008 a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria diseña e leva adiante un Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar en Galicia co fin de promover e fomentar activamente a convivencia en toda a sociedade e , de xeito especial, no sistema educativo. A educación para a convivencia, como parte integrante da función docente, desenvólvese en todas as áreas e materias do currículo e, sobre todo, nos espazos e horarios das titorías. O plan pretende propiciar cambios positivos nos centros educativos e no profesorado, nos modelos de organización escolar e na formación permanente. Neste contexto, acada unha especial relevancia a elaboración e posta en marcha de plans de convivencia escolar en cada centro que adapten ao seu respectivo ámbito socioxeográfico os obxectivos, medidas e iniciativas que diseña e impulsa o Plan Integral de Mellora da Convivencia. Entre as propostas de actuación deste plan salientamos, pola súa grande importancia, a creación do Observatorio Galego da Convivencia Escolar.



O Decreto 85/2007, do 12 de abril, crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar como un instrumento destinado a aplicar as medidas que para o ámbito educativo establece a Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e da cultura de paz co fin de promover na sociedade a cultura de paz e non-violencia. O seu obxectivo consiste en analizar e propoñer actuacións de investigación, prevención e intervención en relación coa mellora do clima escolar; así como ser canle de participación de todos os sectores con responsabilidades no tema da convivencia. Organízase en tres niveis: autonómico, provincial e de centro educativo. En cada centro educativo sostido con fondos públicos estase a constituír, no seo do Consello Escolar, o Observatorio da Convivencia Escolar, dirixido a dinamizar o Plan de Convivencia do Centro, elaborar informes da análise da convivencia, coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia e propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas.

2. DEFINICIÓN E CLASIFICACIÓN

Entendemos por problemas de conduta os comportamentos que afectan negativamente a un mesmo e ao contorno no que un vive (familia, escola, traballo, veciños) por romper as normas de convivencia e deteriorar o desenvolvemento persoal e social. Para consideralos como tales, hai que avaliar a intensidade, duración, frecuencia e idade á que se presentan e o medio sociocultural onde se producen.

Son trastornos máis estables e máis resistentes á intervención ca os trastornos situacionais transitorios, pero menos persistentes ca os trastornos estruturais, como os trastornos de personalidade e a psicose.

A gravidade ou importancia dos trastornos de conduta mídese pola deterioración ou polo grao de incapacidade que ocasiona na vida afectiva, social e laboral das persoas.

No ámbito educativo, os alumnos e alumnas con problemas de conduta presentan necesidades educativas especiais que requiren de aprendizaxes e recursos excepcionais para adquirir as estratexias e habilidades sociais que lles permitan integrarse creativamente na sociedade.



Os problemas de conduta que atende esta especialidade, tendo en conta as demandas recibidas, son prioritariamente os seguintes: trastorno por déficit de atención con hiperactividade, trastorno negativista desafiante, trastorno disocial, problemas derivados de soportes sociofamiliares ou escolares inadecuados (desestruturación familiar, falta de normas e límites, currículo, metodoloxía, organización escolar...), acoso escolar, ansiedade, absentismo escolar, mutismo selectivo etc.

3. FUNCIONES

As funcións da especialidade de trastornos de conduta están establecidas no Decreto 120/1998, e na Orde do 24 de xullo de 1998 que o desenvolve e polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia:

- Colaborar nas actuacións encamiñadas á prevención e atención temperá do alumnado con trastorno de conduta.
- Asesorar e apoiar os departamentos de orientación dos centros de primaria, secundaria, educación especial e educación de adultos.
- Desenvolver programas de investigación, elaboración, recompilación e difusión de recursos para darlles respostas ás necesidades específicas do alumnado con trastorno de conduta.
- Colaborar cos departamentos de orientación na realización da avaliación psicopedagóxica e ditame de escolarización, cando sexa necesaria a intervención dun profesional externo ao centro.
- Contribuír á formación especializada dos departamentos de orientación e do profesorado no ámbito dos trastornos de conduta.
- Colaborar e asesorar no deseño de programas de intervención para a mellora da convivencia nos centros.
- Colaborar con outros servizos educativos e sociosanitarios na atención do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a problemas de conduta, ofrecéndolles os recursos e as orientacións adecuadas.

Podemos establecer dous grandes eixes estratéxicos: a prevención e a intervención. O obxectivo prioritario serán as funcións de tipo preventivo: desenvolver programas de investigación; elaborar, recompilar e difundir recursos; contribuír á formación do profesorado e colaborar na avaliación psicopedagóxica.

4. ORIENTACIONES XERAIS DE INTERVENCIÓN

Nos problemas de conduta inflúen múltiples variables, tanto de tipo biolóxico e constitucional como psicolóxico e ambiental. Polo tanto, debemos ter en conta á hora de abordar estes problemas a interacción de factores xenéticos, neuroquímicos, familiares, escolares, sociais e da propia personalidade. Nesta visión multicausal, os expertos fan fincapé na variables de tipo persoal e no estilo educativo inadecuado, tanto familiar como escolar.

Desde o equipo de orientación específico colaboramos cos centros educativos para facer prevención e intervención nos problemas de conduta dende unha perspectiva global e interdisciplinar, integrando as visións clínicas, psicopedagóxicas e sociosanitarias. Realizamos unha intervención ecosistémica sobre os problemas de conduta na que a intervención non se centra no alumno ou alumna como caso-problema, senón que abrangue todos os contextos de interacción onde vive e se desenvolve: familia, grupo-clase, centro e outras institucións do contorno.

Traballamos interdisciplinariamente con outras especialidades do propio equipo, fundamentalmente coa especialidade de Traballo Social e, en menor medida, coas de Orientación Profesional, Sobredotación Intelectual e Audición e Linguaxe.

A solicitude de intervención da especialidade de Trastornos de Conduta debe cursarse unha vez que se realizaron as actuacións correspondentes no ámbito do centro, a titoría e o departamento de orientación. Xuntarase ao protocolo de solicitude de intervención do equipo de orientación específico a seguinte documentación:

- a) Informe psicopedagóxico actualizado do alumno/a.
- b) Conformidade asinada da familia coa intervención do especialista en conduta do equipo de orientación específico.
- c) Outros informes recentes: informes médicos, de saúde mental, servizos sociais, certificación de minusvalidez,...

Nos casos de posible acoso escolar, será necesario detallar as actuacións levadas a cabo previamente polo centro educativo, así como as técnicas de avaliación utilizadas: cuestionario sobre acoso escolar, sociograma, entrevistas...

A intervención do especialista é complementaria e colaborativa coa do departamento de orientación e nela daráselles prioridade ás técnicas cualitativas como as entrevistas co alumnado, co profesorado e coa familia; a observación na aula; a análise de traballos escolares; a análise de partes da clase; a aplicación de cuestionarios e/ou de probas de personalidade...



5. ORIENTACIÓN EDUCATIVAS

Os profesionais da especialidade de Trastornos de Conduta dos equipos de orientación específicos de Galicia queremos facer fincapé nas seguintes medidas pedagóxicas destinadas á mellora do clima da aula e do centro:

1.- A necesidade de que o centro educativo elabore plans de mellora da convivencia como eixe vertebrador do plan de acción tutorial.

2.- A importancia de chegar a consensos e traballar normas de convivencia nos espazos e horas destinados ás titorías.

3.- A conveniencia e enorme utilidade de que o profesorado utilice técnicas para a mellora do clima da aula, tales como o traballo cooperativo do alumnado e a titoría entre iguais.

4.- Debemos buscar unha diagnose precoz dos problemas de conduta para evitar o efecto “bóla de neve” que arrastre o alumnado a maiores dificultades persoais, familiares, escolares e sociais.

5.- Non existen receitas máxicas para solucionar os problemas de conduta, pero si unhas estratexias que, aplicadas de xeito sistemático, poden axudarnos a mellorar a convivencia. Cando vemos que, a pesar destas estratexias, a situación non evoluciona positivamente, o que nos provoca un sufrimento cada vez maior, é o momento de pedir axuda profesional. Para iso, podemos utilizar diferentes camiños:

a) Vía sanitaria: a familia pode solicitarlle ao médico pediatra ou médico de familia unha consulta en saúde mental infantil para clarificar as dúbidas que teña sobre os problemas de conduta que observa na casa ou que lle manifestan desde a escola.

b) Vía educativa: a familia e/ou o profesorado titor, de mutuo acordo, solicitan unha avaliación psicopedagóxica ao orientador ou orientadora do centro, que pode pedir a colaboración do especialista en trastornos de conduta do equipo de orientación específico.

c) Vía interdisciplinar: que pode promover o profesional da educación, sanidade ou servizos sociais, co permiso da familia, para facilitar a evolución positiva dos rapaces e rapazas, integrando a visión clínica, psicopedagóxica e sociofamiliar.

6. RECURSOS

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- ALVAREZ GONZÁLEZ, M. (1996). Manual de orientación y tutoría. Barcelona: Praxis.
- ARMAS, M. (2005). Alumnado con problemas de conducta. Santiago: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- ARMAS, M. (2007). Prevención e intervención ante problemas de conducta. Estrategias para centros educativos y familias. Madrid: Wolters Kluwer Educación.
- ARMAS CASTRO, M. e ARMAS BARBAZÁN, C. (2005). Violencia Escolar en Secundaria. Vigo: Nova Galicia Edicións. Versión en galego e castelán.
- ARMAS CASTRO, M. e ARMAS BARBAZÁN, L. (2006). Violencia Escolar en Primaria. Vigo: Nova Galicia Edicións. Versión en galego, castelán e inglés.
- ARMAS CASTRO, M. e REY RODRÍGUEZ, M^a L. (2008). "Acoso escolar. Prevención e intervención ecosistémica". En Revista Galega do Ensino (Eduga), nº 53.
- ARMAS, CASTRO, M. e ARMAS BARBAZÁN, C; L (2008). "Facer visible o invisible nos problemas de conducta". En Revista Galega de Educación, nº 43.
- CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (2007). Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar en Galicia. Santiago: Xunta de Galicia.
- CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (2007). Plan de Convivencia do Centro. Santiago: Xunta de Galicia.
- CREENA (2000). Comportamiento desadaptado y respuesta educativa en Secundaria. Propuestas para la reflexión y la acción. Pamplona: Departamento de Educación y Cultura del Gobierno de Navarra.
- LABRADOR, F.; CRUZADO, J.; MUÑOZ, M. (2004). Manual de técnicas de modificación y terapia de conducta. Madrid: Pirámide.
- NOGUEIRAS MASCAREÑAS, L.M. (2002). "Educación, convivencia e conflito" (pp. 27-38). En Revista Gallego-Portuguesa de Psicoloxía e Educación, nº 6 (Vol. 8).
- NOGUEIRAS MASCAREÑAS, L.M. (2005). "Convivencia e conflito nas aulas" (pp. 41-54). En SUAREZ SANDOMINGO, J.M.. Mediar para remediar conflitos. Lugo: Axac.

- NOGUEIRAS MASCAREÑAS, L.M.; GARCIA RODRÍGUEZ, M.J. (2007). “Apoyos educativos inclusivos en las dificultades de aprendizaje asociados a problemas de conducta” (pp. 25-58). En DEAÑO, M.. La función de apoyo educativo inclusivo para afrontar las dificultades de aprendizaje. Ourense: AEDES.
- OLIVARES, J.; MENDEZ, F. (1999). Técnicas de modificación de conducta. Madrid: Biblioteca Nueva,
- ORJALES, I. (2005). Trastorno por déficit de atención/hiperactividad. Madrid: Esquema de comunicación, S.A.
- VALLÉS ARÁNDIGA, A. (1997). Modificación de la conducta problemática del alumno. Alcoy: Marfil.
- VALLÉS ARÁNDIGA, A. (2006). Alumnos con inatención, impulsividad e hiperactividad. Madrid: EOS.

PÁXINAS WEB

- www.edu.xunta.es/convivencia
- www.convivencia.mec.es/
- www.juntadeandalucia.es/observatoriodelainfancia/oia/esp/index.aspx
- www.educastur.princast.es/recursos/diversidad/acoso
- www.observatoriconvivenciaescolar.es/
- www.educa.rcanaria.es/
- www.educantabria.es/portal/
- www.educa.jcyl.es
- www.xtec.net/innovacio/convivencia/usce.htm
- www.educarex.es/acoso escolar/
- www.acoso escolar.info/index.htm
- www.pnte.cfnavarra.es/convive/
- www.ikasle.net
- www.cult.gva.es/orientados/